



## Concello do Carballiño

### **INSTRUCCIÓN PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA ORDE DE ADMISIÓN DE SOLICITUDES DE MATRÍCULA NA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E NO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DO CONCELLO DO CARBALLIÑO PARA O CURSO LECTIVO 2024/2025.**

Mediante a presente Instrución establécense os criterios de preferencia na admisión de solicitudes de matrícula para a Escola Municipal de Música e para os Graos Elemental e Profesional do Conservatorio Profesional de Música, para o curso escolar 2024/2025.

#### **1. Criterios de admisión para a Escola Municipal de Música (ESMU).**

En caso de que, nunha das especialidades, o número de solicitudes de matrícula supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia as solicitudes presentadas por:

- 1º) Aquelas persoas que, no curso anterior (2023/2024), se atopasen matriculadas na Escola Municipal de Música.
- 2º) Aquelas persoas que, á data de presentación da solicitude de matrícula, se atopen empadroadas no Concello do Carballiño.
- 3º) Aquelas persoas de menor idade, sempre que reúnan os requisitos mínimos de idade para matricularse na ESMU.
- 4º) Aquelas persoas que presentasen a súa solicitude de matrícula en primeiro lugar.

#### **2. Criterios de admisión para o Conservatorio Profesional de Música (CMUS)**

##### **2.1. Grao elemental.**

Para calquera das solicitudes de novo ingreso ao Grao Elemental será necesaria a previa realización e superación da correspondente proba de acceso.

##### **2.1.1. Primeiro curso.**

En caso de que o número de solicitudes de matrícula supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia as solicitudes presentadas por:

- 1º) Aquelas persoas que, á data de presentación da solicitude de matrícula, se atopen empadroadas no Concello do Carballiño.
- 2º) Aquelas persoas seguindo a baremación en función da cualificación obtida nas probas de aptitude, de maior a menor nota e ponderada en función da idade do aspirante.

##### **2.1.2. Segundo curso e posteriores.**

En caso de que, nun dos cursos, o número de solicitudes de matrícula supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia as solicitudes presentadas por:

- 1º) Aquelas persoas que, no curso anterior (2023/2024), se atopasen matriculadas no curso inmediatamente anterior do Grao Elemental do CMUS do Carballiño.
- 2º) Aquelas persoas que, á data de presentación da solicitude de matrícula, se atopen empadroadas no Concello do Carballiño.
- 3º) Aquelas persoas seguindo a baremación en función da cualificación obtida nas probas de acceso, de maior a menor nota e ponderada en función da idade do aspirante.

##### **2.2. Grao Profesional.**

Para calquera das solicitudes de novo ingreso ao Grao Profesional será necesaria a previa realización e superación da correspondente proba de acceso.

##### **2.2.1. Primeiro Curso.**

En caso de que o número de solicitudes de matrícula supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia as solicitudes presentadas por:





## Concello do Carballiño

---

1º) Aquelas persoas que, á data de presentación da solicitude de matrícula, se atopen empadroadas no Concello do Carballiño.

2º) Aquelas persoas seguindo a baremación en función da cualificación obtida nas probas de acceso, de maior a menor nota.

### **2. 2. 2. Segundo curso e posteriores.**

En caso de que, nun dos cursos, o número de solicitudes de matrícula supere o número de prazas ofertadas, terán preferencia as solicitudes presentadas por:

1º) Aquelas persoas que, no curso anterior (2023/2024), se atopasen matriculadas no curso inmediatamente anterior do Grao Profesional do CMUS do Carballiño.

2º) Aquelas persoas que, á data de presentación da solicitude de matrícula, se atopen empadroadas no Concello do Carballiño.

3º) Aquelas persoas seguindo a baremación en función da cualificación obtida nas probas de acceso, de maior a menor nota.

### **3. Criterios de preferencia na admisión de alumnado dos plans de estudo das ensinanzas Elementais e Profesionais de Música e ensinanzas de Escola Municipal de Música**

As solicitudes do alumnado de nova matrícula serán admitidas seguindo a seguinte orde en función dos estudos a cursar:

1º) Aquelas persoas solicitantes de nova matrícula para 1º de Grao Profesional.

2º) Aquelas persoas solicitantes de nova matrícula para outros cursos de Grao Profesional, por orde de 6º a 2º curso ambos inclusive.

3º) Aquelas persoas solicitantes de nova matrícula para 1º de Grao Elemental.

4º) Aquelas persoas solicitantes de nova matrícula para outros cursos de Grao Elemental, por orde de 4º a 2º curso ambos inclusive.

5º) Aquelas persoas solicitantes de nova matrícula para a Escola Municipal de Música.

